

AXUDAS DA XUNTA DE GALICIA PARA CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICO

EVA MARÍA PÉREZ GAMOTE, ALCALDESA DO CONCELLO DE VILARDEVÓS INFORMO:

Que saíu publicado no DOG nº 3 do mércores, 7 de xaneiro de 202 a RESOLUCIÓN do 30 de outubro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2026, tramitada como anticipado de gasto (**código de procedemento MT402A**). Estas axudas teñen por obxecto **financiar actuacións destinadas a reducir ou corrixir impactos paisaxísticos en edificacións e elementos** situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

REQUISITO: A persoa solicitante deberá ser propietaria ou usufrutuaria do INMOBLE.

QUÉ ACTUACIÓNS ENTRAN:

a) Actuacións de restauración e/ou revestimento de elementos de **fachada**, que na actualidade están rematados con materiais inadecuados para quedar á vista (**ladrillo, formigón, ou cemento**). Descasados, humidades ou manchas permanentes. Tonalidade da cor cando produza impacto paisaxístico. Actuacións sobre fachadas de cachotaría ou cantaría que precisen a aplicación ou renovación dos morteiros de rexuntamento.

b) Remate, renovación e/ou substitución do acabado exterior de cubertas. (Cando estean en **deficiente estado** de conservación ou presentan solucións construtivas ou materiais de acabado que poderían ser considerados como inadecuados)

c) Recuperación, restauración e/ou revestimento de **muros de peche de terreos** (Os executados con **fábrica de ladrillo ou bloques de formigón sen revestir**) Serán, igualmente, subvencionables as actuacións destinadas á recuperación, restauración ou arranxo de muros de pedra tradicionais, co obxecto de evitar o potencial impacto paisaxístico que produciría a súa perda e/ou o seu mal estado de conservación.

CONTÍA: A contía da axuda para a adquisición será do **70 % do orzamento, co límite de 3.000 € por vivenda**.

PRAZO DE SOLICITUDE: PODERÁNSE SOLICITAR DENDE AS 12:00 DA MAÑÁ DO 16/01/2026.

As persoas interesadas deberán poñerse en contacto canto antes co Concello, posto que as axudas outórganse por ORDEN DE ENTRADA NA XUNTA DE GALICIA.

A ALCALDESA.

Asinado ao marxe.

